

Nota informativa conferencia

<b>Novo plan de acción para a economía circular</b> <b>"Galicia na recuperación económica da UE"</b>	
<b>Data</b>	11/11/2020
<b>Lugar</b>	Virtual
<b>Organizadores</b>	Fundación Galicia Europa
<b>Asistentes</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Consellería de Medio Ambiente</li><li>- Axencia Galega de Innovación (GAIN)</li><li>- Vicepresidencia e Consellería de Economía, Empresa e Innovación</li><li>- Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)</li><li>- EPE Augas de Galicia</li><li>- Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais</li><li>- Autoridade de Xestión. Tragsatec</li></ul>
<b>Oradores</b>	María Rincón DX Medio Ambiente
<b>Documentación</b>	<a href="#">FGE</a>

#### CONTEXTO

A **Fundación Galicia Europa** organizou un novo encontro virtual do ciclo **“Galicia na recuperación económica europea”**, unha reunión dirixida aos técnicos da administración, representantes das consellerías e especialistas en innovación, infraestruturas e mobilidade, entre outros. Esta reunión ten por obxectivo falar do novo Plan de Acción de Economía Circular, enmarcado no Pacto Verde Europeo.

## EXPOSICIÓN DA COMISIÓN EUROPEA

O encontro sobre Economía Circular serviu para coñecer os detalles do novo Plan de Acción da Comisión Europea que ten por obxectivo contribuir a crear unha Europa máis limpa.

A oradora, María Rincón, comezou facendo un repaso pola situación medioambiental na cal nos encontramos. En base ó que consumimos *na actualidade, de seguir así, en 2050 estaríamos utilizando os recursos de tres planetas*. Ademais, dous tercios dos nosos residuos van parar aos vertedoiros ou son incinerados, producindo moitas veces gases de efecto invernadoiro. Isto quere dicir que estamos utilizando recursos demais e que, sobre todo, non os estamos a empregar ben. Por iso, cómpre agora conseguir que empreguemos os recursos dunha maneira máis eficiente.

No marco do Pacto Verde e da nova política medioambiental, lanzouse o 11 de marzo de 2020 o **Segundo Plan de Acción de Economía Circular da Comisión Europea**. Este plan inclúe unhas **trinta e cinco accións** dirixidas a mellorar o ciclo de vida do produto, desde o deseño do produto, incluíndo aos consumidores e chegando á fase final de xestión de residuos.

Aínda que a xestión dos residuos foi moi importante no primeiro plan, agora **búscase que os residuos volvan á fase de produción**, tendo así un ciclo circular. Neste sentido fálase ademais de simbiose industrial, isto é, que os residuos dunha fábrica por exemplo pasen a ser materia prima doutra. Tamén se procura conseguir a eficiencia enerxética (no uso da auga por exemplo). Neste apartado falamos de **ECODESEÑO**. Para conseguir isto hai posta en marcha unha **Nova estratexia europea para PEMES** e ademais bríndase apoio ao sector da **bioeconomía**.

Outro aspecto clave deste Plan de Acción de Economía Circular é a **dixitalización**, que tomará un papel relevante á hora de ofrecerlle información ó consumidor. Búscase así **empoderar e protexer ó consumidor para que teña información de primeira man do produto**: saber se se pode reciclar, se se fabricou con eficiencia de recursos, etc. O obxectivo disto tamén é **acabar co Green Washing**.

¿En qué **sectores** se centra este plan de acción? Varios exemplos:

- Produtos intermedios: aceiro, cemento...
- Construción de edificios: medición do impacto da construción dun edificio como a emisión de gases.
- Plásticos: bioplásticos.
- Envases e embalaxes
- Industria do moble
- **Electrónica e TIC**: estase traballando na produción electrónica circular, no ecodeseño e na reparación.
- Textil: atendendo tamén ao impacto social deste sector.
- Baterías e vehículos: novo marco regulatorio que mide qué materias primas se utilizan, se hai elementos de sustentabilidade, etc.

**Accións nas que se centra o plan:**

\*Traballar en xerar menos residuos: reducir e harmonizar os sistemas de

recollida separada

\*Transformación en recursos de alta calidade: crear substancias químicas seguras e remprazar as “substancias preocupantes”

\*Reducir os residuos exportados: favorecer a reciclaxe na UE, revisar as normas de traslado de residuos e loitar contra os delitos medioambientais.

**Accións transversais:**

\*Proposta de alianza para liderar a transición global. Nacións Unidas.

\*Acordo Internacional para loitar contra a contaminación de produtos de plásticos.

Para rematar, a oradora María Rincón lembrou a [convocatoria de propostas para o Pacto Verde que finaliza o 26 de xaneiro de 2021.](#)

Ó final da exposición interviu Sagrario Pérez, directora xeral de Calidade Ambiental, Sostenibilidade e Cambio Climático da Xunta de Galicia. Ela apuntou ós sectores nos que se centra a Estratexia de Economía Circular Galega (Decembro 2019): agricultura e pesca, administración, construción e industria. Neste último sector, destaca a necesidade de que as axudas ás PEMES teñan un retorno.

Na súa intervención Sagrario Pérez fixo incidencia na xestión dos fondos europeos e en traballar por conseguir a equidade ambiental no rural. “É necesario conseguir que teñamos os mesmos servizos (recolleita selectiva de lixo principalmente) nas zonas rurais que nas cidades para poder fixar poboación nestas zonas”.